

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LAÍN PARA A CELEBRACIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizou co concello de Lalín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lalín para o apoio á celebración da Feira do Cocido de Lalín, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Feira do Cocido de Lalín.

O atractivo turístico e cultural desta celebración vese corroborada ano tras ano pola masiva afluencia de público no día grande da feira, que acostuma a colapsar Lalín coa chegada de máis de 60.000 persoas, así como o fluxo constante de visitantes ao noso pobo e por



extensión a toda a Comarca durante os meses previos e posteriores á data principal, xa que podemos atoparnos visitantes degustando o Cocido de Lalín no mes de outubro ou no mes de marzo.

No ano 1999 foi declarada como Festa de Galicia de Interese Turístico (resolución do 24 de xuño de 1999, DOG Nº131 de 9 de xuño) , e como Festa de Interese Turístico Nacional (resolución do 2 de xuño de 2010, BOE nº156 de 28 de xuño).

Segundo.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Que non resulta posible a concorrencia competitiva, xa que o concello de Lalín é a única entidade organizadora do evento.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Lalín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

